

ILUSIÓN

OUTONO DE 2017

ESPECTÁCULOS NADOS
DA FUSIÓN DE DISTINTAS
DISCIPLINAS ARTÍSTICAS

Č ÁGORA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

Č CORUÑA
PRÓXIMA

OUTONO

SÁBADO
7
OUTUBRO
20.00 h

PISTACATRO

Con motivo dos dez anos do nacemento de Pistacatro, a emblemática compañía de Novo Circo Galego da o seu mortal máis arriscado: *OUTONO*, un novo espectáculo no que reúne a parte dos seus fundadores para celebrar o máis difícil aínda, facerse maior.

OUTONO é unha homenaxe aos pallazos clásicos, contada a través dunha compañía de clowns en plena crise. Un espello no que se miran os artistas e as súas personaxes, unha carpa caída onde se suceden as estacións.

OUTONO é un espectáculo de teatro-circo con música en directo, que nos conta a viaxe nostálgica de catro artistas ao seu pasado, unha celebración da amizade e dos fracasos, unha reivindicación de ser idiotas, unha mirada poética ao antigo oficio dos pallazos. Un reencontro cheo de emocións, verdade e humor.



Xénero do espectáculo:

Circo-Clown-Teatro e música en directo

Elenco: Pablo Reboleiro, Manu Lago, Natalia Outeiro "Pajarito" e Aitor Garuz

Web Pistacatro: www.pistacatro.com/gl/

Duración: 65 minutos

Web Pistacatro:

www.pistacatro.com/gl/

Duración: 65 minutos

Público ó que vai dirixido:
Para todos os públicos



VÍDEO
PRESENTACIÓN

UP2DOWN

SÁBADO
16
DECEMBRO
20.00 h

TRASPEDIANTE

Dúas bailarinas e dous cables de funambulismo dirixidas por un pallazo.

Up2Down é un espectáculo de danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo, creando un universo singular.

A bailarinas Marta Alonso & Paula Quintas interpretan a dous personaxes definidos polo seu status antagónico: o alto e o baixo; A funambulista etérea e ideal e A payada -terreal e mundana. Xunto a elas o espectador percorrerá unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata que alcanzan un punto de encontro; o equilibrio.



Duración:

50 minutos

Procedencia:

Galicia. Santiago de Compostela

Público ó que vai dirixido:

Para todos os públicos



VÍDEO
PRESENTACIÓN

OOPART- HISTORIA DUN CONTRATEMPO

SÁBADO
11
NOVEMBRO
20.00 h

TRESPERTÉ

Unha peculiar tripulación recentemente chegada dunha viaxe a través do tempo, aterra ante os nosos ollos e preséntanos a grande oportunidade de facer viaxes no tempo, iso si, por un módico prezo. Para iso farán gala dos seus mellores reclamos e os seus asombrosos números circenses. Pero hoxe non é un día calquera na súa rutina como vendedores ambulantes.

Manipular o tempo ás veces ten as súas consecuencias. Nada é o que parece nesta aventura a través do tempo.

Unha viaxe de catro personaxes a través do circo e o teatro, usados como ferramenta e linguaxe principal.

Dirección e creación:

Antonio J. Gómez

Música orixinal:

Iván Monje

Intérpretes:

Carmine Piccolo, Luis Ayuso, Claudia Ortiz e Paco Caravaca

Público ó que vai dirixido:

Para todos os públicos



PREMIO FETEN 2017
Á MELLOR MÚSICA ORIXINAL

PREMIOS DO CIRCO ANDALUZ 2016

Mellor Espectáculo de Rúa,

Mellor Vestiario

Mellor Deseño de Iluminación

Mellor Escenografía

ILUSIÓN

ESPECTÁCULOS NADOS DA FUSIÓN DE DISTINTAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS **OUTONO DE 2017**

VENTA DE ENTRADAS

Entradas: 9,00 € (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 8,00 €)

Menores de tres anos 2 € // Abono 3 (3 entradas para a mesma función), 21'00 €

Todos os que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo, deben facelo con entrada.

— DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos, de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

— DESPACHO DE BILLETES DO ÁGORA

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles)

— TELEVENDA: 902 044 226

De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h
e domingos de 16.00 a 21.00 h

www.ticketea.com

**PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADO O ESPECTÁCULO
NON SE PERMITIRÁ O ACESO Á SALA**



CORUÑA
➤ PRÓXIMA



www.coruna.es/cultura



Poden seguir a programación
cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna

